

PLAN DE ORIENTACIÓN EDUCATIVA

Curso: 2019/20

1. INTRODUCCIÓN

Na actualidade o papel do departamento de orientación cumpre un papel relevante, considerándoa un pilar esencial e básico do sistema educativo con decisiva incidencia na calidade dos procesos que nel se desenvolven:

- A orientación educativa e profesional dos alumnos debe ser un dos principios que inspira a actividade educativa como medio necesario para o logro dunha formación personalizada que propicie unha educación integral en coñecementos, destrezas e valores (Artigo 1º da Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, modificada pola Lei 8/2013 do 9 de decembro de 2013 de Mellora da Calidade Educativa).
- A orientación educativa e profesional é un dos factores que favorecen a calidade da ensinanza, aos que os poderes públicos prestarán unha atención prioritaria (LOE, artigo 2º).
- A orientación educativa, académica e profesional do alumnado como función do profesorado, en colaboración, no seu caso, cos servizos ou departamentos especializados. (LOE, artigo 91º.d).
- O dereito básico do alumnado de recibir orientación educativa e profesional e o dos pais a ser oídos naquelas decisións que afecten á orientación académica e profesional dos seus fillos e fillas (Disposición derradeira primeira da LOE. Modificación da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación)

Nesta liña, no CEIP Pedro Antonio Cerviño traballaremos nos tres sectores clave da educación: alumnos, profesores e familias, atendendo aos problemas e dificultades de aprendizaxe e prestando o máximo apoio e asesoramento ante a diversidade de retos cos que se enfronta a escola, animando e impulsando a súa acción, as relacións entre os seus elementos e co entorno, contribuíndo, en definitiva, á mellora da calidade dos procesos que se desenvolven nela e, conseguintemente, da acción educativa.

A orientación é un deber compartido por todo o profesorado que traballa no centro coas responsabilidades propias das diferentes tarefas que desempeñamos e debe estar coidadosamente planificada, marcándose uns obxectivos a partir da análise da realidade,

programándose actuacións concretas, deseñándose estratexias específicas e organizándose os espazos e os tempos nos que se desenvolverá o planificado. Unha previsión que, ademais, debe contemplar a avaliación e seguimento necesarios para constatar o grao de consecución dos obxectivos e, no seu caso, as propostas de mellora.

O Plan de Orientación é o instrumento pedagóxico-didáctico que articula, a medio e largo prazo, as actuacións relacionadas coa orientación e a acción titorial. Pero esta planificación no pode facerse de maneira illada, é parte da organización pedagóxico-educativa do centro e, consecuentemente, debe unirse coa actividade e estrutura xeral deste.

2. CONSTITUCIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Atendendo á normativa vixente, concretamente o artigo 4 do Decreto 120/1998, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, constitúese o Dpto. de Orientación para o curso 2018 - 2019 no CEIP PEDRO ANTONIO CERVIÑO do que forman parte:

- Mestra Coordinadora de Educación Infantil: Cristina Mariño Rodríguez
- Mestra titora de 1º e 2º de EP : Yolanda López Cruz
- Mestra titora de 3º e 4º de EP: Gonzalo Lores Cons
- Mestra titora de 5º de EP :Susana Batallán Gonzalez
- Mestre titor de 6º de EP : José Luis Loureiro Durán
- Mestra de Audición e Linguaxe: Marta Filgueiras Martínez
- Mestra de Pedagogía Terapéutica: Zaira Pardavila Freire
- Xefa do Departamento de Orientación: Soraya Cortizo Garrido

Durante o curso escolar levaranse a cabo unha serie de reunións que quedan organizadas da seguinte forma:

- **Reunión semanal, mensual e trimestral** do Departamento de Orientación.
- **Reunións de coordinación co equipo directivo:** para tratar todos aqueles aspectos puntuais referidos ao departamento: establecer aspectos organizativos, elaborar informes segundo as necesidades que vaian xurdindo.

- **Reunión coas familias:** para recadar información sobre o alumnado obxecto de atención cara a unha posible avaliación, para solicitar o consentimento da avaliación psicopedagóxica, para informalos e orientalos sobre aspectos puntuais do seu interese referidos ao desenvolvemento do alumno/a.
- **Reunións de coordinación coas titorías e profesorado:** Realizaranse xuntanzas cos equipos de nivel e todo o profesorado que atende a alumnado con necesidade específica de apoio específico, nos momentos que sexan precisos e tendo en conta a dispoñibilidade horaria das/os mestras e titoras/es.

3. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTORNO

O noso Plan de Orientación pretende ser un documento real, vivo e dinámico. Para iso temos que planificar para unha realidade con características singulares que a definen e condicionan, necesidades propias ás que temos que dar resposta e recursos e posibilidades concretas que serán os instrumentos para materializar as propostas da acción orientadora.

Así, para programar a nosa acción de forma eficaz, debemos coñecer as peculiaridades do contorno ao que vai dirixida e no que se vai desenvolver: características do alumnado, profesorado e familias, organización do centro educativo, medios materiais, recursos humanos, etc.

Imos recoller a continuación de forma somera algúns destes datos que debemos ter en conta:

- **Datos xerais: situación xeográfica, procedencia do alumnado e análise socio-económica:**

O **CEIP Pedro Antonio Cerviño** está situado no lugar de A Lagoa, centro do municipio e moi preto da casa do concello, a 19,4 km do concello de Pontevedra. Na marxe dereita do río Lérez, ten unha extensión de sesenta e catro kilómetros cadrados. Limita ó norte cos concellos de Cuntis e A Estrada; ó leste co de Cerdedo, ó sur co río Lérez que lle serve de fronteira con Cotobade e ó oeste cos concellos de Pontevedra, Barro e Moraña. Ademais das estradas comarcais que o cruzan, Codeseda-Pontevedra e Caldas de Reis-Vichocuntín, existe unha rede de pistas e estradas locais que comunican as cabeceiras parroquiais entre si e os diferentes lugares. Está dividido en seis parroquias: San Miguel de Campo Lameiro, San Cristobo de Couso, Santa Mariña de Fragas, Santa María de Moimenta, San Isidro de Montes e Santiago de Morillas.

Hai que suliñar que asisten ó colexio alumnos/as que pertencen a Fentáns (concello de Cotobade) , pola proximidade ó mesmo.

A dispersión do alumnado fai que o centro dispoña de servizo de transporte. Non dispón de servizo de comedor.

Está adscrito ao I.E.S. Xunqueira I de Pontevedra, onde acoden a maioría dos rapaces ao rematar a etapa de Educación Primaria.

A maior parte das familias dos nosos alumnos e alumnas están asentadas nestas parroquias desde antigo, sen embargo hai familias que se asentan na parroquia buscando un ambiente de tranquilidade e relaxamento.

Desde o punto de vista económico e laboral das familias dos nosos alumnos e alumnas a situación é diversa, unhas teñen un desenvolvemento económico baixo e un nivel cultural-familiar tamén baixo, nalgunhas soamente traballa un proxenitor con baixa cualificación profesional. Mentres que outras familias teñen un nivel económico maior que polo xeral posúen unha maior cualificación profesional especializada.

4. OBXECTIVOS

Se ben o Plan de Orientación é un documento aberto que se transforma e evoluciona ao tempo que o fai a escola e a comunidade educativa, nace coa pretensión de ofrecer un marco estable que guíe a acción orientadora do centro. De aí que os obxectivos formulados enmarcarán unha proposta de traballo a medio-longo prazo que se irá enriquecendo anualmente con distintas aportacións, pero sen perder esa función de eixo vertebrador firme que a labor orientadora precisa. Faise necesaria entón, unha reflexión e toma de decisións coherente e axustada tendo en conta:

- O papel relevante e a importancia que da á función orientadora no sistema educativo a LOMCE 8/2013, de 9 de decembro.
- As funcións e os ámbitos de actuación do Departamento de Orientación e da xefatura do mesmo que figuran no Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG 27/04/98). Corrección de erros, (DOG 14/05/98) e a Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (DOG 31/07/98).
- A análise das necesidades, características e recursos da realidade do noso centro e o seu contorno.

- Os valores, obxectivos e prioridades de actuación e as decisións e opcións da comunidade educativa referidas ao ámbito pedagóxico, académico e educativo explicitadas no PE.
- Os criterios fixados polo Claustro de profesores e as directrices da CCP.

Todo isto nos leva a determinar que os obxectivos que deben guiar a acción deste Departamento de Orientación son:

4.1.- XERAIS:

1. Participar na elaboración, seguimento e avaliación do PEC, incidindo nos criterios organizativos, metodolóxicos e curriculares de carácter inclusivo para a atención á diversidade do conxunto do alumnado e asesorando nas decisións relativas á potenciación das áreas instrumentais, avaliación, recuperación, criterios de promoción, etc.
2. Participar no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade que optimicen a atención educativa proporcionada ao alumnado.
3. Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades ou problemas de desenvolvemento e aprendizaxe e potenciar a posta en marcha de medidas e accións de carácter preventivo.
4. Apoiar a convivencia no centro a través da acción titorial e coa implicación de toda a comunidade educativa.
5. Promover a comunicación, colaboración e coordinación coas familias, potenciando a súa implicación no proceso educativo dos seus fillos e na vida do centro.
6. Establecer canles de comunicación e coordinar actuacións cos diferentes servizos e institucións.
7. Facilitarlle á comunidade educativa os apoios e o asesoramento necesarios para favorecer o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado e axudarlles a afrontar adecuadamente os momentos escolares decisivos ou de maior dificultade.
8. Asesorar e apoiar ao conxunto da comunidade educativa e aos órganos de goberno do colexio en particular, para impulsar o desenvolvemento do centro educativo en todos os ámbitos.
9. Proporcionar apoio psicopedagóxico ao alumnado e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.

4.2.- ESPECÍFICOS:

A) Con relación ao alumnado:

Desenvolvemento persoal e social

- I. Favorecer e orientar a adaptación do alumnado ao contexto escolar e a integración no grupo clase.
- II. Axudar a tomar conciencia dos propios sentimentos e emocións, desenrolando habilidades de control e autorregulación dos mesmos e logrando un desenvolvemento emocional axeitado que facilite a integración dos nenos no grupo.
- III. Orientar a potenciación do desenvolvemento de hábitos básicos de autonomía persoal e social coa colaboración das familias.
- IV. Facilitar a inclusión educativa e a integración escolar e social do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- V. Axudar a desenvolver no alumnado un adecuado coñecemento e valoración de si mesmo, facilitando a progresiva toma de conciencia sobre as súas propias capacidades, posibilidades e intereses.

Atención á diversidade e apoio aos procesos de ensinanza e aprendizaxe

- Asesorar no desenvolvemento de estratexias e elaboración de instrumentos para o coñecemento das características persoais, familiares, sociais e escolares dos alumnos.
- Contribuír a mellorar a atención educativa proporcionada ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Asesorar e colaborar na elaboración de rexistros de observación-avaliación sistemáticos.
- Ter actualizados os informes psicopedagóxicos da totalidade do alumnado para facilitar orientacións cara a mellora no dominio das áreas instrumentais e a implicación propia no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Axudar a reforzar a equidade na educación, mellorando a inclusión e a calidade da resposta educativa proporcionada ao alumnado en situación de desvantaxe.
- Promover a busca de estratexias que favorezan a adquisición de aprendizaxes instrumentais, competencias básicas, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual.
- Potenciar e asesorar na posta en marcha, seguimento e avaliación de adaptacións curriculares, medidas de reforzo educativo e calquera actuación destinada á mellora da aprendizaxe.
- Impulsar a eliminación dos obstáculos físicos, organizativos ou curriculares que dificulten

a acollida, a adaptación escolar e o desenrolo educativo do conxunto do alumnado con necesidade específica de apoio educativo: alumnado con necesidades educativas especiais, alumnado de incorporación tardía (procedente do extranxeiro), alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe, alumnado con necesidades específicas de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar , alumnado con altas capacidades intelectuais.

Orientación académica

- Potenciar a adquisición de competencias relevantes no ámbito educativo tales como a responsabilidade, a perseveranza, a toma de decisións, o traballo en equipo, a experimentación e a creatividade.

Convivencia

- Contribuír á socialización do alumnado promovendo unha formación en valores conectada coa realidade social e comprometida con principios universais propios dunha sociedade democrática: cooperación, convivencia, respecto e solidariedade, etc, concibindo o diálogo como ferramenta fundamental para a resolución pacífica de conflitos.

- Potenciar a posta en marcha de medidas preventivas para mellorar o clima de traballo e convivencia.

- Impulsar actividades destinadas a adquirir as habilidades sociais necesarias para relacionarse, expresar os propios sentimentos e ideas, cooperar e traballar en equipo.

Transición e coordinación entre etapas educativas

- Orientar adecuadamente o proceso de acollida ao alumnado de novo ingreso no centro, prestando singular atención ao inicio da Educación Infantil e ao alumnado inmigrante.

- Apoiar o proceso de transición entre etapas educativas, poñendo en marcha as medidas organizativas e curriculares necesarias para facilitar dito proceso.

B) Con relación ás familias:

- Asesorar ás familias para afrontar as dificultades que se presenten na educación dos seus fillos.

- Asesorar ás familias orientándoas aos servizos que lles proporcionan a asistencia e apoio que poidan precisar por estar en situación de desventaxa socioeducativa, pola súa condición de emigrante, por pertencer a minorías étnicas ou por estar a vivir situacións complexas ou problemáticas.

- Asesorar e colaborar na procura de axudas e asistencia para alumnos con necesidade específica de apoio educativo.
- Fomentar a participación, colaboración e formación das familias a través de charlas, coloquios, conferencias... que aporten información para a mellor educación dos seus fillos e fillas.

C) Con relación ao profesorado:

- Asesorar na elaboración dos documentos do PE
- Proporcionar información acerca da normativa de desenvolvemento da LOMCE e da relacionada co proceso educativo, a institución escolar e, en xeral, co seu ámbito de traballo.
- Apoiar e asesorar no desenvolvemento da acción educativa e das actuacións que forman parte do desempeño da función docente: programación, avaliación, etc.
- Recabar a colaboración do profesorado nos procesos de avaliación psicopedagóxica e na organización da atención á diversidade do alumnado.
- Asesorar no deseño, implementación e avaliación dos distintos plans e/ou programas que se elaboren.
- Promover a coordinación, o traballo compartido e a innovación educativa.
- Asesorar na elaboración, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade.
- Colaborar no deseño dos distintos documentos que forman parte do expediente do alumno: informe fin de etapa,...

D) Con relación a outras institucións e órganos externos:

- Colaborar cos servizos de orientación: Equipo de Orientación Específico, Departamento de Orientación do IES e Departamentos de Orientación doutros centros de EP.
- Coordinar actuacións cos servizos e axentes externos: Saúde, Servizos Sociais, Concello, etc, aproveitando os recursos socioeducativos que estas institucións poidan ofrecer.

5. LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN

A determinación de liñas prioritarias de actuación é un paso necesario nunha planificación de accións realista e efectiva.

En coherencia coas finalidades da orientación reguladas pola normativa e tras a

análise das necesidades da nosa comunidade educativa, fixamos os obxectivos xerais e específicos que van guiar a acción orientadora no noso centro.

Cumpre neste momento a análise da **Circular 10/2010** da Dirección Xeral de Educación , Formación Profesional e Innovación educativa pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de orientación educativa e profesional na Comunidade autónoma de Galicia, que define as liñas prioritarias de actuación que deben ser tamén referente da nosa acción orientadora, no sentido de establecer ámbitos de actuación preferente dentro das accións que o centro ten determinadas.

Estes ámbitos preferentes e as características e necesidades do noso centro, serán os criterios que guíen o establecemento das accións prioritarias para o curso 2017-2018.

O desenvolvemento dalgunha delas precisará da continuidade do seu tratamento ao longo de varios anos e, ao ter que responder de xeito prioritario fundamentalmente ás demandas de atención ás necesidades específicas de apoio educativo que puideran presentarse ao longo do curso, é posible tamén que haxa que pospoñer o desenrolo de outras a vindeiros cursos.

Moitas desas accións prioritarias aparecen recollidas nos respectivos plans (PAT, PAD). De todos xeitos, podemos destacar as seguintes:

- a) Asesorar e colaborar na actualización e elaboración dos documentos que integran o Proxecto Educativo do Centro.
- b) Asesorar e colaborar na elaboración das concrecións curriculares de conformidade cos novos deseños curriculares derivados da LOMCE e promover a reflexión sobre os procesos que os integran: avaliación, recuperación, criterios que deben considerarse á hora de adoptar a decisión de permanecer un ano máis nun determinado nivel e/ou etapa, etc.
- c) Asesorar e colaborar na elaboración de documentos de Educación Infantil adaptados á normativa de desenvolvemento da LOE modificada en certos aspectos pola LOMCE para a nosa Comunidade.
- d) Diseñar actuacións titoriais para o profesorado do segundo ciclo de educación infantil.
- e) Diseñar actuacións titoriais para o profesorado de cada un dos seis niveis da educación primaria.
- f) Diseñar e colaborar en actuacións que teñan como obxecto a promoción da convivencia e a resolución pacífica de conflitos.
- g) Asesorar e colaborar na revisión do Programa de preparación para a ESO incluíndo as modificacións que derivan da nova normativa.
- h) Plantexar propostas para mellorar os canles de coordinación co orientador do centro de secundaria e facilitar o tránsito do alumnado entre estas etapas educativas.
- i) Realizar a avaliación psicopedagóxica de todo o alumnado que a pexise.
- j) Asesorar á Comunidade Educativa en relación as actuacións relacionadas co axuste, mellora e desenvolvemento xeral dos diferentes aspectos do proceso educativo.
- k) Asesorar e informar acerca das normas de desenvolvemento da LOE modificada en certos aspectos pola LOMCE e procesos e accións educativas que derivan destas.
- l) Promover a reflexión e a coordinación entre os distintos servizos que interveñen cun mesmo alumno/a.

6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

Sendo o centro escolar un sistema formado por distintos elementos que deben organizarse e colaborar en aras de proporcionar resposta ás necesidades da comunidade educativa, e que ten como fin último articular unha acción formativa eficaz e de calidade, a función orientadora debe incidir en e desde o conxunto da organización escolar, como parte da mesma que é, utilizando todos os seus recursos e enmarcada na acción global do centro.

Pero para dirixir as accións e conseguir os obxectivos plantexados é necesario considerar unhas estratexias xerais de intervención, que enmarcan e complementan as propias das intervencións concretas que se articulan arredor dos subplans:

- A relación de asesoramento, apoio, colaboración e coordinación permanente co equipo directivo, fundamentalmente coa xefatura de estudos.
- A importancia da participación activa dos mestres no equipo, como xeradores de iniciativas e pola implicación que se precisa para desenvolver de maneira real e efectiva as accións planificadas no Departamento.
- A importancia dos coordinadores, coa función de aunar e ordenar medios e esforzos para unha acción común eficaz.
- As especialistas en PT e AL: ninguén mellor para colaborar na necesaria sensibilización, impulso, mediación, concienciación,... e na coordinación de accións para optimizar a atención ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- O impulso da orientadora coa presentación de iniciativas, propostas, proxectos,...que sirvan de punto de partida da reflexión e acción conxuntas en todos os ámbitos da acción educativa.
- O establecemento dunha relación titorial permanente co alumnado e coas familias.

7. CRITERIOS E FORMAS DE AVALIACIÓN DO PLAN DE ORIENTACIÓN

A avaliación constitúe un elemento fundamental para a mellora de calquera actividade. Só desde unha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas, poden poñerse en marcha procesos de mellora fundamentados no ámbito educativo. Este proceso de reflexión debe ser compartido, de forma que no mesmo se lles dea cabida aos distintos axentes protagonistas da comunidade educativa, permitindo así enriquecer as propostas de mellora coas aportacións e perspectivas destes.

No que ao Plan de Orientación se refire, é preciso avaliar o seu desenvolvemento xunto co do plan anual de actividades do Departamento de Orientación (PAADO). Deben fixarse pois, uns criterios xerais de avaliación e establecer procedementos e instrumentos para valorar o grao de cumprimento do recollido neste documento de planificación, así como a idoneidade dos obxectivos, elementos e actuacións derivados do mesmo.

8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios que nos van permitir facer un seguimento e/ou avaliación do Plan de Orientación están directamente relacionados cos obxectivos plantexados nel e veñen determinados por:

A realización das actuacións previstas nos diferentes plans(PAT, PAD,P.Acollida)

A resposta ás demandas da comunidade educativa.

A satisfacción das necesidades de orientación do centro.

O grao de axuste á realidade do colexio.

A resposta á diversidade.

O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.

O asesoramento e apoio en relación a todo o relacionado coas accións de desenvolvemento da LOE modificada en certos aspectos pola LOMCE.

A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.

A relación cos axentes externos.

- a) O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenrolo integral.
- b) A promoción e apoio á convivencia.

9. PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DO PLAN:

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos as seguintes procedementos e/ou instrumentos:

As reunións de coordinación celebradas durante todo o curso, os cuestionarios entregados ós mestres/as do centro, a análise dos resultados escolares e das probas de diagnóstico, as entrevistas, a análise do clima de convivencia no centro, toda a información recollida nas memorias finais a análise de documentos e a análise de tarefas daranos información acerca do desenvolvemento total das accións prioritarias, todas as accións previstas e non realizadas, as modificacións e/ou actuacións introducidas, as reunións celebradas, a participación nas reunións do Departamento, o número de demandas recibidas durante todo o curso, o número de demandas atendidas, os instrumentos e/ou documentos elaborados. O desenvolvemento do propio plan de orientación e as actividades marcadas.

PLAN ANUAL DE ACTIVIDADES DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

CURSO 2019-20

1. INTRODUCCIÓN

Tal e como se establece do artigo 11ºb da Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada polo Decreto 120/1998. (D.O.G. do 31 de xullo), é competencia do Departamento de Orientación, “responsabilizarse da redacción do **plan anual de actividades do departamento**, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso”.

Este Plan Anual de Actividades do Departamento de Orientación xurde a partir do Plan de Orientación, e supón unha temporalización por trimestres das actuacións que nos permitirán acadar os diferentes obxectivos establecidos. Isto non supón unha atadura estrita senón que tratamos de dar continuidade ás actuacións do departamento ó longo do presente curso escolar.

2. O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

2.1. Compoñentes.

O presente curso o departamento estará composto polos seguintes membros:

- Mestra Coordinadora de Educación Infantil: Cristina Mariño Rodríguez
- Mestra titora de 1º e 2º de EP : Yolanda López Cruz
- Mestra titora de 3º e 4º de EP : Gonzalo Lores Cons
- Mestra titora de 5º de EP : Susana Batallán Gonzalez
- Mestre titor de 6º de EP : José Luis Loureiro Durán
- Mestra de Audición e Linguaxe: Marta Filgueira Martínez
- Mestra de Pedagogía Terapéutica: Zaira Pardavila Freire
- Xefa do Departamento de Orientación: Soraya Cortizo Garrido

Ademáis a Xefa do departamento pertence ao Departamento de Orientación do CEIP Santo André de Xeve, sendo este o centro base, e aos IES Xunqueira I e Luis Seoane, aos que están adscritos os centros.

2.2. Infraestrutura e dotación.

Contamos coa seguinte infraestrutura:

- Despacho do Departamento de Orientación.

- Aula de Pedagogía Terapéutica.
- Aula de Audición e Linguaxe.

É necesario destacar á necesidade da dotación do material xa que este centro se atopa nunha dotación relativamente precaria.

2.3. Horario dos membros do departamento.

O horario dos membros do Departamento de Orientación é fixado a comezos de curso, aínda que en función da atención ás necesidades do noso alumnado e do resto da comunidade educativa, poden variar ó longo do curso para a atención de novas necesidades.

Asimesmo, elaboraranse tendo en conta a situación de membros do Departamento de Orientación compartida: co centro Santo André de Xeve, a xefa do DO acode ao centro os mércores e xoves así como as tardes do primeiro martes de mes; e, coas EEI de Lamas, Espedregueira, Amil e Cuntis , a mestra especialista en Audición e Linguaxe está no centro os luns, martes , mércores e as dúas primeiras sesións do xoves.

Os horarios da Xefa do Departamento e das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe están recollidos na Programación Xeral.

2.4. Reunións de coordinación.

- **Reunión semanal:** pedagogía terapéutica, audición e linguaxe e orientación.
- **Reunión mensual todo o Departamento:** primeiro martes de mes (17.00-18.00horas) no CEIP Pedro Antonio Cerviño, e terceiro martes de mes (17:00-18:00 horas) no CEIP Santo André de Xeve (centro base).
- **Reunións trimestrais no IES Xunqueira I e no IES Luis Seoane.**
- **Reunión cos Servizos Sociais do Concello** en base ás necesidades (pendente de confirmar)
- **Reunións de coordinación co equipo directivo:** trátase de reunións a fin de levar a cabo a revisión dalgúns documentos do centro, establecer aspectos organizativos, elaborar informes segundo as necesidades que poidan xurdir...
- **Reunión familias:** os períodos de atención ás familias establécense como tempos de intercambio de información xa sexa para mellorar o coñecemento do alumnado de cara a unha posible avaliación, como para informalos e orientalos sobre aqueles aspectos que poidan ser do seu interese.
- **Reunións de coordinación cos titores e resto do profesorado:** dentro do horario establecido polo Departamento de Orientación, a orientadora posibilita tempos de

coordinación con todo o profesorado que precise de orientación tanto en relación co seu alumnado como para tratar temas de formación, adecuación de materiais...

3. TEMPORALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS

ACTUACIÓNS	IMPLICADOS	TEMPORALIZACIÓN
Dar a coñecer a todo o alumnado os membros do Departamento de orientación.	Membros do Departamento de Orientación	1ºT
Elaborar informes Becas MEC de Acnee.	Departamento de Orientación Directora	1ºT
Revisión do Plan de Orientación e PAT.	Departamento de Orientación	1ºT
Elaboración da concrección PAD	Departamento de Orientación Responsable da web do centro Equipo directivo	1ºT
Creación de material informativo para implementar o coñecemento das funcións e tarefas do departamento a través da páxina web do centro e, a ser posible, do boletín informativo ás familias	Orientadora Mestras de PT e AL Titores Equipo directivo	1ºT
Proporcionar a todos os titores que o demanden ó comezo do curso información relevante dos alumnos de nova incorporación. Avaliacións Iniciais.	Membros do Departamento de Orientación	1ºT
Actualización dos arquivos e informes do departamento	Departamento de Orientación	AO LONGO CURSO
Seguimento e valoración mensual do desenvolvemento do Plan Anual de Actividades do Departamento	Departamento de Orientación	AO LONGO CURSO
Asistir e participar nas reunións coa orientadora do IES	Orientadora	AO LONGO CURSO
Asistir e participar nas posibles reunións cos orientadores do entorno ou cos Servizos Sociais.	Orientadora	AO LONGO CURSO
Participar nas posibles reunións cos gabinetes externos aos que acode o alumnado do centro	Orientadora Mestras de PT e AL	AO LONGO CURSO
Realización de probas de Comprensión e Velocidade lectora en todos os cursos	Orientadora Mestras de PT e AL	AO LONGO CURSO
Elaboración e aprobación da memoria final do plan	Orientadora	3ºT

de actividades		
Plan de Acción Titorial: PAT		
Elaborar un plan marco de acción titorial, solicitando directrices á CCP	Departamento de Orientación Directora	1ºT
Establecer cauces de coordinación coa orientadora do IES na elaboración do PAT	Orientadora Orientadora do IES	1ºT
Presentar ós titores os eixos e accións esenciais do PAT	Orientadora Titores Directora	1ºT
Proporcionar a todos os titores que o demanden ó comezo do curso información relevante dos alumnos de nova incorporación	Orientadora Mestras de PT e AL Titores Equipo directivo	1ºT
Establecer as directrices do <i>Plan de Convivencia</i> para o noso centro	Orientadora Mestras de PT e AL Comisión de Coordinación pedagóxica Equipo directivo	2ºT
Revisar o <i>Plan de Acolida</i> do alumnado e incluír neste plan a todo o alumnado de novo ingreso, independentemente do momento ou curso no que se escolarice	Orientadora Titores Directora	2ºT
Elaborar a memoria final do PAT coa colaboración da directora e titores, coas propostas de modificacións	Orientadora Titores Directora	3ºT
Atender individualizadamente as demandas dos titores	Orientadora, mestras de PT e AL Titores	AO LONGO CURSO
Colaborar na identificación de necesidades formativas dos titores para propoñer cursos de formación	Orientadora Titores Directora	AO LONGO CURSO
Participar cos titores na solución de conflitos que xurdan no seu grupo poñendo en marcha procesos de diagnóstico e tratamento	Orientadora Titores	AO LONGO CURSO
Participar nas reunións de coordinación titorial	Orientadora Titores	AO LONGO CURSO
Colaborar co equipo directivo e cos titores no diagnóstico, tratamento e seguimento dos casos de especial gravidade que se poidan producir: conducta, absentismo...	Orientadora Equipo directivo Titores	AO LONGO CURSO
Atender ás demandas de asesoramento e axuda que plantexen os alumnos, a través dos pais ou titores ou	Orientadora Alumnos	AO LONGO CURSO

por propia iniciativa do Departamento		
Facilitar información sobre actividades culturais e de lecer que se desenvolvan no entorno	Orientadora Titores Alumnos	AO LONGO CURSO
Intervención directa nas actividades de titoría grupal cando a temática ou as circunstancias o demanden	Orientadora Titores Alumnos	AO LONGO CURSO
Colaborar na organización e desenvolvemento das reunións de pais que se convoquen	Orientadora Equipo directivo Titores	AO LONGO CURSO
Plan de Atención ó Proceso de Ensino-Aprendizaxe: PAPEA		
Colaboración na avaliación inicial do alumnado de novo ingreso	Orientadora Titores	1ºT
Propoñer criterios e procedementos para a organización de actividades de reforzo e apoio dirixidas ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo: alumnado con necesidades educativas especiais, alumnado con sobredotación intelectual ou alumnado procedente do estranxeiro*	Orientadora Mestra de PT Mestra de AL Directora Titores	1ºT
Establecemento de criterios para realizar a avaliación psicopedagóxica que favorezan a participación do profesorado*	Orientadora Titores Directra	1ºT
Revisar modelo de informe ós titores sobre os apoios recibidos polo alumnado fóra da aula	Orientadora Mestra de PT Mestra de AL	1ºT
Formular propostas para o desenvolvemento das habilidades sociais do alumnado e a prevención no tratamento de problemas de convivencia (Plan de Convivencia), estudo, relacións...	Orientadora Mestras de PT e AL Equipo directivo	2ºT
Facilitación do tránsito da etapa de infantil á de primaria e da etapa de primaria á de secundaria	Orientadora Titores Directora	3ºT
Aplicación da avaliación continua e global	Orientadora Directora	AO LONGO CURSO
Colaborar nas medidas tomadas para incrementar os hábitos de estudo, as técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe	Orientadora Directora Titores	AO LONGO CURSO
Realización da avaliación psicopedagóxica a demanda do mestre	Orientadora Titores	AO LONGO CURSO
Actualización dos procedementos e recursos empregados na avaliación psicopedagóxica elaborando novos materiais	Orientadora Mestra de PT Mestra de AL	AO LONGO CURSO

Apoio na elaboración e desenvolvemento das ACS por parte do profesorado de cada área	Orientadora Mestra de PT Mestra de AL Mestres das diferentes áreas obxecto de adaptación	AO LONGO CURSO
Colaboración na elaboración dos informes do alumnado que cambie de centro	Orientadora Secretario Titores	AO LONGO CURSO
Asistencia e participación nas sesións de avaliación dos grupos de alumnos facendo fincapé na normativa vixente sobre avaliación	Orientadora Titores Mestra de PT Mestra de AL	AO LONGO CURSO
Atención e seguimento dos grupos de risco (non promocionaron, familias desestructuradas ou con escasos recursos...)	Orientadora Titores	AO LONGO CURSO
Facilitar informes periódicos ó profesorado titor sobre o alumnado obxecto de apoio fóra da aula	Orientadora Mestra de PT Mestra de AL	AO LONGO CURSO
Facilitación de información relevante ás familias sobre a avaliación psicopedagóxica e orientacións sobre as dificultades identificadas, os apoios establecidos e os progresos dos seus fillos	Orientadora	AO LONGO CURSO
Plan de Orientación Académica: POA		
Presentar ó inicio do curso os eixos básicos do POA e as liñas xerais de actuación	Orientadora Profesorado	1ºT
Revisar a páxina web do centro no enlace ó Departamento de Orientación no que se proporcione información sobre o mesmo	Orientadora Responsable da aula de informática	1ºT
Establecer eixes básicos do que será o Plan de Preparación para a ESO	Departamento de Orientación do noso centro e do IES "Xunqueira I"	2ºT
Colaborar co equipo directivo e titores na organización da visita ó Instituto de Educación Secundaria	Orientadora Titores Equipo directivo	3ºT
Elaborar a memoria final do POA e propoñer as modificacións consecuentes	Orientadora Titores	3ºT
Reunións puntuais co equipo directivo para coordinar e dinamizar as actuacións e iniciativas que se tomen no ámbito da orientación	Orientadora Equipo directivo	AO LONGO CURSO
Coordinación co Departamento de Orientación do IES "A Xunqueira I" do proceso orientador do alumnado do 6º curso: cuestionario previo de avaliación, charlas informativas, visita ó IES...	Departamentos de Orientación do noso CEIP e do IES "Xunqueira I"	AO LONGO CURSO

	Titores	
Colaborar cos titores na orientación personalizada, especialmente nos casos de alumnos en situación de desventaxa socio-educativa	Orientadora Titores	AO LONGO CURSO
Atención directa ás demandas de alumnos e pais relacionadas coa orientación	Orientadora	AO LONGO CURSO
Elaboración de información a proporcionar ós pais sobre aspectos relevantes en relación coa orientación, por exemplo, sobre a etapa secundaria ou outros ámbitos	Orientadora Titores	AO LONGO CURSO

4. AVALIACIÓN DO PLANS

Levaremos a cabo un seguimento continuo dos plans co fin de valorar o grado de consecución dos obxectivos establecidos no noso *Plan de Orientación* e, en definitiva, co obxecto de mellorar as intervencións no ámbito da orientación.

A **avaliación dos diferentes plans** será posible a través de:

- Información suministrada polas persoas implicadas no seu deseño e desenvolvemento (departamento, titores, mestres...).
- Información suministrada polos seus destinatarios (mestres, alumnado, pais...).

E os **instrumentos básicos de recollida de información** serán:

- Intercambios orais e entrevistas cos implicados.
- Escalas ou cuestionarios .
- Memorias.

Os **criterios de avaliación** para determinar a calidade dos plans son os seguintes:

- Adecuación dos plans ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados en relación cos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración dos distintos membros implicados.

O **proceso de avaliación** levarase a cabo a través da recollida de información trimestral, o que permitirá a elaboración da memoria final de curso, que recollerá a análise

e valoración dos seguintes aspectos:

- Procedementos seguidos na elaboración, seguimento e avaliación.
- Actuacións seguidas nos distintos ámbitos.
- Tarefas de coordinación interna: o funcionamento do propio departamento como equipo de traballo.